

Facultade de CC. Sociais e da Comunicación

Mais info na Web da Facultade

http://www.csc.uvigo.es/

(*)

(*)

Grao en Comunicación Audiovisual

Materias

Curso 2

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
P04G070V01301	Dereito: Dereito da comunicación	1c	6
P04G070V01302	Empresa: Dirección e xestión de empresas audiovisuais	1c	6
P04G070V01303	Ciencia política: Políticas públicas do audiovisual	1c	6
P04G070V01304	Técnicas de edición dixital	1c	6
P04G070V01305	Teoría e historia dos xéneros audiovisuais	1c	6
P04G070V01401	Empresa: Mercadotecnia de produtos audiovisuais e multimedia	2c	6
P04G070V01402	Animación en contornas dixitais e multimedia	2c	6
P04G070V01403	Documentación audiovisual	2c	6
P04G070V01404	Expresión sonora e estilos musicais	2c	6
P04G070V01405	Xestión de proxectos audiovisuais e interactivos	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Dereito: Dereito da comunicación				
Materia	Dereito: Dereito da comunicación			
Código	P04G070V01301			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Dereito público			
Coordinador/a	Ruiz Ceniceros, Mauricio			
Profesorado	Lareo Jiménez, Jacinto Ruiz Ceniceros, Mauricio			
Correo-e	mauricio@paseodealfonso.com			
Web				
Descrición xeral	Esta materia busca proporcionar ao alumnado unha visión eminentemente práctica do réxime xurídico da comunicación en España. A materia consta de dous grandes bloques. No primeiro analizaranse os dereitos e liberdades da comunicación. O segundo ofrece unha panorámica global da regulación das telecomunicacións, o audiovisual e Internet, atendendo especialmente ao réxime xurídico dos contidos. O que se busca é que os estudantes teñan unha visión xeral e práctica da regulación xurídica do sector no que desenvolverá a súa futura actividade profesional.			

Competencias	
Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B3	Coñecementos sobre as políticas públicas de subvención da produción e distribución audiovisual nos ámbitos europeos, nacional e autonómico, así como as condicións legais e financeiras para a súa obtención, incluíndo os programas I+D+i e os beneficios da colaboración entre empresas de ámbito internacional. Análise de oportunidades, riscos e efectos das devanditas políticas.
B5	Habilidade para expoñer os resultados dos traballos académicos de xeito oral ou por medios audiovisuais ou informáticos consonte os canons das disciplinas da comunicación
C4	Coñecemento teórico-práctico das estruturas organizativas no campo da comunicación visual e sonora, así como a súa evolución e xestión no tempo, incluíndo a tributación audiovisual. Tamén comprende o coñecemento e a investigación da natureza e interrelacións entre os suxeitos da comunicación audiovisual: autores, institucións, empresas, medios, soportes e receptores
C10	Coñecemento teórico-práctico dos mecanismos lexislativos de incidencia no audiovisual ou na comunicación, así como o réxime xurídico da súa aplicación nas producións audiovisuais. Incluíndo tamén o coñecemento dos principios éticos e das normas deontolóxicas da comunicación audiovisual, en especial as relativas á igualdade de homes e mulleres, á non discriminación de persoas con discapacidade, e ao uso non sexista da imaxe feminina nos medios de comunicación de masas.
D2	Capacidade de traballo en equipo e de comunicación das propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio, así como capacidade para integrarse nun proxecto común encamiñado á obtención de resultados
D5	Práctica sistemática de autoavaliación crítica de resultados: valoración da importancia de corrixir e axustar constantemente os erros cometidos nos procesos creativos ou organizativos
D6	Orde e método: habilidade para a organización e temporalización das tarefas, realizándoas de xeito ordenado adoptando con lóxica as decisións prioritarias nos diferentes procesos de produción audiovisual
D7	Conciencia solidaria: respecto solidario polas diferentes persoas e pobos do planeta, polos valores universais de educación, cultura, paz e xustiza, e polos dereitos humanos, a igualdade de oportunidades e a non discriminación de mulleres e persoas con discapacidade
D8	Sensibilidade, respecto e necesidade de conservación do patrimonio cultural e audiovisual de Galicia e do mundo

Resultados de aprendizaxe				
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Adquirir coñecementos básicos da historia e evolución normativa dos distintos medios de comunicación audiovisuais: Televisión, radio, cine, internet, etc.	A3	B3 B5	C4 C10	D2 D5 D6 D7 D8

Recoñecer as estructuras organizativas básicas previstas na lexislación para o sector da comunicación audiovisual así como a natureza e interrelacións dos suxeitos implicados no sector: autores, institucións, empresas, medios, soportes, receptores, etc.	A3	B3 B5	C4 C10	D2 D5 D6 D7 D8
Identificar os aspectos -tanto desde un punto de vista teórico como práctico ou aplicativo- da regulación actual con incidencia no sector audiovisual e da comunicación.	A3	B3	C4 C10	D2 D5 D6 D7 D8
Recordar os principios éticos e as normas deontolóxicas que rixen o sector audiovisual e da comunicación. Por exemplo: as normas relativas ao fomento da igualdade entre homes e mulleres ou as relativas ao respecto da igualdade e non discriminación das persoas discapacidades, etc. Deben demostrar tamén a súa sensibilidade e respecto pola conservación de calquera tipo de patrimonio cultural y audiovisual.	A3	B3 B5	C4 C10	D2 D5 D6 D7 D8
Acreditar o coñecemento básico das distintas políticas públicas tanto nacionais coma europeas ou internacionais- que máis directamente afectan ao sector audiovisual.	A3	B3 B5	C4 C10	D2 D5 D6 D7 D8
Analizar de forma básica textos normativos ou xurídicos e manifestar que teñen habilidade para expoñer de forma axeitada (oral ou escrita) os resultados dos traballos académicos que fagan, así como de expresar as suas propias ideas. Asemade, deben demostrar que saben buscar e analizar información en fontes diversas; aglutinar datos dispersos e discernir a información relevante da irrelevante.	A3	B3 B5	C4 C10	D2 D5 D6 D7 D8
Acreditar que son quen de traballar en equipo e que contan coa capacidade para integrarse en proxectos comúns destinados á obtención de resultados.	A3	B3 B5	C4 C10	D2 D5 D6 D7 D8

Contidos

Tema	
1 OS DEREITOS FUNDAMENTAIS Á LIBERDADE DE EXPRESIÓN E INFORMACIÓN	1. Orzamentos constitucionais do Dereito da Información. 1.1. Constitución, Estado e Dereito. 1.2. Bases constitucionais do Dereito da Información. 1.3. O Estado nun contexto internacional e comunitario. 1.4. A organización territorial do Estado. 1.5. Fontes do Dereito da Información. 2. Os dereitos fundamentais á libre expresión e información. 2.1. Natureza, carácteres e diferenzas dos dereitos fundamentais á libre expresión e información. 2.2. O dereito fundamental á liberdade de expresión. 2.3. O dereito fundamental a comunicar e recibir libremente información veraz. 3. Garantía e protección da expresión e información libres. 3.1. O sistema de protección dos dereitos fundamentais. 3.2. O procedemento especial de protección dos dereitos fundamentais. 3.3. O recurso de amparo. 3.4. O Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. 3.5. Garantías específicas: prohibición da censura previa e do secuestro administrativo. 4. Límites ao exercicio dos dereitos fundamentais á liberdade de expresión e de comunicación: límites derivados de dereitos da personalidade. 4.1. O Dereito fundamental á intimidade. 4.2. O Dereito fundamental ao honor. 4.3. O Dereito á propia imaxe. 4.4. A protección de datos persoais. 4.5. A protección penal e civil destes dereitos.

II. O RÉXIME XURÍDICO DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN	5. O sistema da comunicación audiovisual en España. 5.1. O réxime xurídico dos medios de comunicación. Especial referencia ao sector audiovisual e á Lei Xeral de Comunicación Audiovisual. 5.2. A creación de medios de comunicación audiovisuales. 5.3. O financiamento dos medios de comunicación e as axudas de Estado. 5.4. Concentración e pluralismo no sector da comunicación. 6. O réxime da televisión (I): a Televisión Digital Terrestre. 6.1. Evolución e situación actual de réxime xurídico da televisión digital terrestre. 6.2. O réxime da televisión pública por ondas terrestres: RTVE, autonómicas e locais. 6.3. O réxime xurídico da televisión privada por ondas terrestres estatal, autonómica e local: do sistema concesional ao de licenza previa. 7. O réxime da televisión (II): outras formas de difusión 7.1. O réxime xurídico da televisión por cable e por satélite: do sistema autorizativo ao de comunicación previa. 7.2. O fenómeno da convergencia na nova Lei Xeral de Comunicación Audiovisual. 7.3. Os novos entrantes tecnolóxicos: a televisión en movilidad, a IPTV e a televisión en alta definición. 8. O réxime xurídico da radio 8.1. A radiodifusión como servizo público e como servizo de interese xeral. 8.2. A radiodifusión sonora analógica: AM e FM. 8.3. A radio digital. 9. Outros medios de comunicación. 9.1. A prensa e imprenta. 9.2. A cinematografía. 9.3. Internet.
III. O RÉXIME XURÍDICO DO CONTIDO DA COMUNICACIÓN	10. A actividade administrativa, autorregulación e co-regulación en relación cos contidos. 10.1. A actividade de control da información de contido público: a información electoral e a publicidade institucional. 10.2. A actividade administrativa de ordenación e intervención sobre a programación e contidos dos medios de comunicación: os dereitos do público no sector audiovisual. 10.3. A contratación en exclusiva da emisión de contidos audiovisuales. 10.4. Autorregulación e co-regulación. 11. O réxime xurídico da publicidade. 11.1. Empresas, medios e anunciantes. 11.2. A contratación publicitaria. 11.3. Límites á comunicación publicitaria.
IV. O RÉXIME XURÍDICO DO INFORMADOR	12. A ordenación da actividade dos profesionais dos medios. 12.1. Dereitos específicos do profesional da información: cláusula de conciencia e segredo profesional. 12.2. Estatuto laboral dos profesionais dos medios. 12.3. A propiedade intelectual e industrial. Especial referencia ao sector audiovisual. 12.4. A responsabilidade editorial do medio e do profesional na contorna tradicional e en liña.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Debates	10	0	10
Seminarios	75	0	75
Presentacións/exposicións	5	15	20
Eventos docentes e/ou divulgativos	5	0	5
Resolución de problemas e/ou exercicios	2.5	0	2.5
Sesión maxistral	37.5	0	37.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Debates	Propoñeranse temas sobre algunha das cuestións do temario e os alumnos deberán tomar postura fundada sobre o particular
Seminarios	Realizaranse tarefas individuais e de grupo que logo serán obxecto de exposición ao grupo para o seu debate
Presentacións/exposicións	Encargarase algún traballo individual ou de grupo que haberá de realizarse fose do horario de clase, ou, en sucaso, nalgún momento do desenvolvemento dos seminarios e cuxos resultados poñer en común ao resto de compañeiros
Eventos docentes e/ou divulgativos	Organizarase algunha xornada ou sesión sobre algunha das materias que dentro dle temario resulten nun momento de maior relevancia á que se invitarán a ponentes externos. A asistencia á xornada será obligatoria
Resolución de problemas e/ou exercicios	Propoñeranse probas de avaliación que haberán de resolverse normalmente durante o desenvolvemento dalgún seminario
Sesión maxistral	Versará sobre a explicación ao grupo dos temas principais que conforman o contido/programa da materia

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Sesión maxistral	Atenderanse e resolverán as dúbidas expostas polo alumnado en relación cos contidos da materia
Debates	Atenderanse e resolverán as dúbidas expostas polo alumnado en relación cos contidos da materia
Seminarios	Atenderanse e resolverán as dúbidas expostas polo alumnado en relación cos contidos da materia
Presentacións/exposicións	Atenderanse e resolverán as dúbidas expostas polo alumnado na realización e desenvolvemento dos exercicios e traballos propostos
Resolución de problemas e/ou exercicios	Atenderanse e resolverán as dúbidas expostas polo alumnado na realización e desenvolvemento dos exercicios e traballos propostos

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Debates	Se evaluará a participación fundamentada e con coñecemento de fondo das materias obxecto de debate que realicen os alumnos	10		B3	C4 C10	D7
Seminarios	Se evaluará a participación, o interese e a resolución das probas de avaliación parcial que se vaian propoñendo	10		B3	C4 C10	D6 D7 D8
Presentacións/exposicións	Poderase encargar un traballo individual ou en gupo que haberá de ser exposto ante a clase. Na evaluacións prestarase atención á metodoloxía de investigación, á capacidade expositiva, ao grado de profundidade dos contidos, etc.	15			C4 C10	D2 D5
Eventos docentes e/ou divulgativos	Valorásese a asistencia e participación no desenvolvemento dos mesmos (No caso de que non puidese levarse a cabo ningún evento divulgativo, esta porcentaxe da cualificación acrecenta as porcentaxes anteriores)	5	A3	B3 B5	C4 C10	D2 D5 D6 D7 D8
Sesión maxistral	A avaliación realizarase a través dunha proba obxectiva de desenvolvemento xa escrito xa oral	60	A3	B5	C4	D2 D6 D8

Outros comentarios sobre a Avaliación

Bibliografía. Fontes de información
Chinchilla Marín, C.; Azpitarte Sánchez, M. (coords.), **Estudios sobre la Ley General de la Comunicación Audiovisual**, Cizur Menor (Navarra), Aranzadi,
Guichot Reina, E. (coord.), **Derecho de la comunicación**, Madrid, Iustel,
Escobar De La Serna, L., **Derecho de la Información**, Dykinson, Madrid,,
Linde Paniagua, E.; Vidal Beltran, J. M., **Derecho audiovisual**, Colex, Madrid,

Chinchilla Marín, C.; Azpitarte Sánchez, M. (coords.); Estudios sobre la Ley General de la Comunicación Audiovisual, Cizur Menor (Navarra), Aranzadi, 2011

De Carreras Serra, Ll. *Derecho Español de la Información*. UOC, Barcelona, 2003

Linde Paniagua, E.; Vidal Beltran, J. M. *Derecho audiovisual*, 3ªed., Colex, Madrid, 2009.

Sanjurjo Rebollo, B. *Manual de Derecho de la Información. Una perspectiva legal para un mundo cada día más mediatizado*, Dykinson, Madrid, 2009.

Vallés Copeiro del Villar, V. *Curso de Derecho de la Comunicación Social*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2005.

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Empresa: Dirección e xestión de empresas audiovisuais				
Materia	Empresa: Dirección e xestión de empresas audiovisuais			
Código	P04G070V01302			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	García-Pintos Escuder, Adela			
Profesorado	García-Pintos Escuder, Adela			
Correo-e	adelagpe@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo da materia é que o alumno comprenda, cun enfoque práctico e participativo, os compoñentes e funcionamento da empresa como unha realidade socioeconómica. Incidirase na *interrelación con outras materias, proporcionando os coñecementos, actitudes e habilidades necesarias para desenvolver con eficacia e eficiencia a súa futura actividade profesional. Farase especial referencia á empresa audiovisual, en xeral e ao contexto empresarial de Galicia, en particular.			

Competencias	
Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B2	Coñecemento da realidade político-social do mundo na era da comunicación global
B3	Coñecementos sobre as políticas públicas de subvención da produción e distribución audiovisual nos ámbitos europeos, nacional e autonómico, así como as condicións legais e financeiras para a súa obtención, incluíndo os programas I+D+i e os beneficios da colaboración entre empresas de ámbito internacional. Análise de oportunidades, riscos e efectos das devanditas políticas.
B4	Capacidade para aplicar técnicas e procesos de produción na organización de eventos culturais, mediante a planificación dos recursos humanos e técnicos implicados, axustándose a un orzamento previo
B5	Habilidade para expoñer os resultados dos traballos académicos de xeito oral ou por medios audiovisuais ou informáticos consonte os canons das disciplinas da comunicación
B6	Capacidade para definir proxectos persoais de creación innovadora que poidan contribuír ao coñecemento ou desenvolvemento das linguaxes audiovisuais ou á súa interpretación
C23	Capacidade para a identificación dos procesos e técnicas implicadas na dirección e xestión de empresas audiovisuais na súa estrutura industrial: análise de mercado, produción, distribución e exhibición, así como o fomento da actividade emprendedora e do concepto de empresa como unidade básica de produción audiovisual.
D1	Capacidade de adaptación aos cambios tecnolóxicos, empresariais ou organigramas laborais
D2	Capacidade de traballo en equipo e de comunicación das propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio, así como capacidade para integrarse nun proxecto común encamiñado á obtención de resultados
D3	Capacidade para asumir riscos expresivos e temáticos, aplicando solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos.
D4	Capacidade para tomar decisións fundamentadas en situacións de incerteza, asumindo de forma constructiva as consecuencias e resultados obtidos.
D5	Práctica sistemática de autoavaliación crítica de resultados: valoración da importancia de corrixir e axustar constantemente os erros cometidos nos procesos creativos ou organizativos
D6	Orde e método: habilidade para a organización e temporalización das tarefas, realizándoas de xeito ordenado adoptando con lóxica as decisións prioritarias nos diferentes procesos de produción audiovisual
D7	Conciencia solidaria: respecto solidario polas diferentes persoas e pobos do planeta, polos valores universais de educación, cultura, paz e xustiza, e polos dereitos humanos, a igualdade de oportunidades e a non discriminación de mulleres e persoas con discapacidade

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Analizar e interpretar datos relevantes para poder opinar así como emitir xuízos de valor sobre temas relevanes de índole social, científica e ética	A3
Ser Capaz de comprender la estructura de trabajo de equipo como parte fundamental de la dirección integrada de proyectos	

Ser Capaz de comprender la estructura de trabajo de equipo como parte fundamental de la dirección integrada de proyectos		
Comprender a realidade de política-social na era da comunicacion global.	B2	
Coñecer as políticas públicas de subvención da produción e distribución audiovisual nos ámbitos europeos, nacional e autonómico, así como as condicións legais e financeiras para a súa obtención, incluíndoos programas I+D+i e os beneficios da colaboración entre empresas de ámbito internacional. Tamén inclúe analizar as oportunidades, riscos e efectos das ditas políticas.	B3	
Coñecer e seleccionar as técnicas e procesos de produción na organización de eventos culturais máis adecuados en cada situación, mediante a planificación dos recursos humanos e técnicos implicados, axustándose a un orzamento previo.	B4	
Expor os resultados dos traballos académicos de maneira oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación, escollendo en cada momento o medio máis adecuado	B5	
Definir proxectos persoais de creación innovadora que poidan contribuír ao coñecemento ou desenvolvemento das linguaxes audiovisuais ou á súa interpretación.	B6	
Preparar para adaptarse aos cambios tecnolóxicos, empresariais ou organigramas laborais.		D1
Adaptarse para o traballo en equipo e de comunicación das propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio, así como para integrarse nun proxecto común destinado á obtención de resultados		D2
Comprender en que consiste a asunción de riscos expresivos e temáticos, aplicando solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos, e valorar en cada momento o risco que se debe asumir		D3
Elixir de forma fundamentada en situacións de incerteza, asumindo de forma construtiva as consecuencias e resultados obtidos.		D4
Realizar de forma sistemática autoevaluación crítica de resultados: valoración da importancia de corrixir e axustar constantemente os erros cometidos nos procesos creativos ou organizativos		D5
Organizar e temporalizar as tarefas: realizalas de maneira ordenada adoptando con lóxica as decisións prioritarias nos diferentes procesos de produción audiovisual		D6
Aplicar os valores universais de educación, cultura, paz e xustiza, e polos dereitos humanos, a igualdade de oportunidades e a non discriminación de mulleres e persoas con discapacidade.		D7
Identificar e aplicar os procesos e técnicas implicadas na dirección e xestión de empresas audiovisuais na súa estrutura industrial: análise de mercado, produción, distribución e exhibición, así como o fomento da actividade emprendedora e do concepto de empresa como unidade básica de produción audiovisual.	C23	

Contidos	
Tema	
1. A empresa como un sistema complexo	1.1. O sistema empresa: compoñentes. 1.2. Obxectivos e funcións de cada compoñente
2. A contorna da empresa audiovisual	2.1. A contorna xeral 2.2. A contorna específica: rivalidade e cooperación. 2.3. Fontes de información.
3. O factor humano na empresa audiovisual	3.1. Cultura empresarial 3.2. O liderado 3.3. O poder nas organizacións 3.4. Dirección e xestión de RR.HH
4. A estrutura organizativa e os procesos da empresa audiovisual	4.1. Estrutura organizativa 4.2. Agrupacións estruturais 4.3. A organigrama 4.4. Novas formas estruturais
5. Aspectos económico-financeiros da empresa audiovisual	5.1. O investimento: concepto e tipos 5.2. O financiamento: concepto e tipos 5.3. O reflexo contable dos feitos económicos: O Balance, A conta de perdas e ganancias 5.4. Indicadores económico financeiros: a árbore de rendibilidade, cálculo do punto morto 5.5. Visión da estrutura económico financeira das empresas audiovisuais
6. Diagnóstico e deseño estratéxico.	6.1 A dirección de empresas 6.2. O diagnóstico da empresa: global, funcional e DAFO 6.3. O deseño de estratexias

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Sesión maxistral	26	65	91

Traballos de aula	15	18	33
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	1	14	15
Probas de resposta curta	2	8	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividade encamiñada á presentación da materia
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos da materia obxecto de estudo, así como as bases teóricas.
Traballos de aula	O estudante desenvolverá exercicios ou estudos de casos na aula baixa as directrices e supervisión do profesor. Tamén inclúe aquelas actividades que o alumno deberá levar a cabo previamente de forma autónoma e a súa resolución será debatida na aula.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	As tutorias fixaranse a principio de cuadrimestre.
Traballos de aula	As tutorías fixaranse a principio de cuadrimestre.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballos de aula	Co obxectivo de incentivar o traballo regular e continuo do alumno no desenvolvemento da materia, valorarase, mediante unha observación cuantificada, a asistencia e participación activa nas sesións prácticas. A puntuación total deste epígrafe (1 punto) divídese entre o número total de sesións efectivas que se desenvolvan.	10	A3	B2 B3 B4 B5 B6	C23	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Probas para a avaliación que inclúen actividades, problemas ou exercicios prácticos a resolver. Os alumnos deben dar resposta á actividade exposta, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia. Para iso utilizaranse os Tics. Non se admitirá ningún exercicio entregado fóra de prazo nin enviado noutro medio que non sexa a través da plataforma FAITIC	10	A3	B2 B3 B4	C23	D3 D4 D5 D6 D7
Probas de resposta curta	Trátase dunha proba a final de curso orientada á aplicación dos conceptos desenvolvidos na materia.	80	A3	B2 B3 B4	C23	D1 D3 D4 D7

Outros comentarios sobre a Avaliación

Esta materia impártese en réxime PRESENCIAL polo que os alumnos deben asistir ás sesións teóricas e prácticas no horario establecido polo centro. Isto supón que o único sistema de avaliación é o contemplado nesta guía.
O sistema de avaliación da materia apóiase en tres elementos:
a) Superación da parte práctica, coa realización das actividades programadas. (2 puntos).
b) Superación da parte teórica, mediante un exame escrito que se realizará na data sinalada polo centro. (8 puntos)
c) A asistencia e participación do alumnado nas clases teóricas e prácticas.

É requisito indispensable para sumar a parte práctica polo menos sacar un 4 sobre 10 puntos no exame teórico.

CONVOCATORIA DE XULLO / EXTRAORDINARIA
1. A forma de avaliación na convocatoria de xullo e extraordinaria é a mesma que en xaneiro.
2. Particularidades:
a) Non existe posibilidade de mellorar a nota da parte práctica para a convocatoria de xullo, xa que se trata de actividades programadas ao longo do curso.
b) Se a materia non é superada nesta convocatoria, o alumno deberá cursala novamente adaptándose á guía docente que estea vixente no curso académico en cuestión e, por tanto, non conservará ningunha das cualificacións obtidas no presente curso.

Bibliografía. Fontes de información

AUGROS, J. (2000): El dinero de Hollywood: financiación, producción, distribución y nuevos mercados. Barcelona: Paidós.
AGUADO, G.; GALÁN, J.; FERNÁNDEZ-BEAUMONT, J.; GARCÍA, L. J. (2008): Organización y gestión de la empresa informativa, Madrid: Editorial Síntesis.
BUSTAMANTE, E. (2001): La televisión económica : Financiación, estrategias y mercados. Barcelona: Gedisa.
CASTAN, J. M. (2007): Fundamentos y aplicaciones de la gestión financiera de la empresa, Pirámide, 2ª ed. CALVO, C. (2003): La empresa de cine en España. Ediciones laberinto: Madrid
CUEVAS, A. (1999): Economía cinematográfica: la producción y el comercio de películas. Compañía Audiovisual Imaginógrafo: Madrid.
ÉCIJA, H. et al. (2000): Libro blanco del audiovisual: cómo producir, distribuir y financiar una obra audiovisual. Grupo Exportfilm: Madrid
GARCÍA, P. Y RAMÍREZ, M. del M. (2004): Creando empresas para el sector audiovisual : Cine, televisión, documental y animación, Sevilla: Fundación Audiovisual de Andalucía.
GARCÍA-TENORIO RONDA, J.; GARCÍA MERINO, M. T.; PÉREZ RODRÍGUEZ, M. J.; SÁNCHEZ QUIRÓS, I. y SANTOS ÁLVAREZ, M. V. (2006): Organización y dirección de empresas, Thomson.
MEDINA LAVERÓN, M. (2005): Estructura y gestión de empresas audiovisuales, EUNSA.
PIÑEIRO, P. et al (2010): Introducción a la economía de la empresa : una visión teórico-práctica. Delta: Madrid.
SIMON, D. Y WIESE, M. (2006): Film & video budgets. Studio City (California): Michael Wiese Productions, 4º ed.
ROBBINS, S. P. (1996): Comportamiento organizacional. Teoría y práctica, Prentice Hall, 7ª ed.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Empresa: Mercadotecnia de produtos audiovisuais e multimedia/P04G070V01401
Xestión de proxectos audiovisuais e interactivos/P04G070V01405

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Ciencia política: Políticas públicas do audiovisual				
Materia	Ciencia política: Políticas públicas do audiovisual			
Código	P04G070V01303			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Sola Limia, Alfonso Servando			
Profesorado	Sola Limia, Alfonso Servando			
Correo-e	alfonsola@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia pretende aproximar ao alumno ao proceso de elaboración desenvolvemento e avaliación das Politicas Publicas do Audiovisual nos contextos europeos, español e galego, facilitándolle unha visión holística do proceso e facilitándolle elementos de comprensión da incidencia no sector audiovisual da acción política e de gobernanza.			

Competencias	
Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
B2	Coñecemento da realidade político-social do mundo na era da comunicación global
B3	Coñecementos sobre as políticas públicas de subvención da produción e distribución audiovisual nos ámbitos europeos, nacional e autonómico, así como as condicións legais e financeiras para a súa obtención, incluíndo os programas I+D+i e os beneficios da colaboración entre empresas de ámbito internacional. Análise de oportunidades, riscos e efectos das devanditas políticas.
C10	Coñecemento teórico-práctico dos mecanismos lexislativos de incidencia no audiovisual ou na comunicación, así como o réxime xurídico da súa aplicación nas producións audiovisuais. Incluíndo tamén o coñecemento dos principios éticos e das normas deontolóxicas da comunicación audiovisual, en especial as relativas á igualdade de homes e mulleres, á non discriminación de persoas con discapacidade, e ao uso non sexista da imaxe feminina nos medios de comunicación de masas.
D2	Capacidade de traballo en equipo e de comunicación das propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio, así como capacidade para integrarse nun proxecto común encamiñado á obtención de resultados
D3	Capacidade para asumir riscos expresivos e temáticos, aplicando solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos.
D4	Capacidade para tomar decisións fundamentadas en situacións de incerteza, asumindo de forma constructiva as consecuencias e resultados obtidos.
D5	Práctica sistemática de autoavaliación crítica de resultados: valoración da importancia de corrixir e axustar constantemente os erros cometidos nos procesos creativos ou organizativos
D8	Sensibilidade, respecto e necesidade de conservación do patrimonio cultural e audiovisual de Galicia e do mundo

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Reunir e interpretar información e datos relativos as políticas publicas do audiovisual e argumentar e defender posicións respecto a estas políticas públicas e valorar o impacto que estas teñen na sociedade e especificamente nas estratexias desenvolvidas polos diferentes actores implicados nas mesmas.	A3
	A4
Presentar de forma adecuada os resultados dos traballos académicos de xeito oral ou por medios audiovisuais ou informáticos consonte os cánones das disciplinas da comunicación	
Describir as principais características e aspectos diferencias do contexto político-social do mundo na era da comunicación global	B2

			B3
Identificar e describir as políticas públicas de subvención da produción e distribución audiovisual nos ámbitos europeos, nacional e autonómico, así como as condicións legais e financeiras para a súa obtención, incluíndo os programas I+D+i e os beneficios da colaboración entre empresas de ámbito internacional. Análise de oportunidades, riscos e efectos das devanditas políticas			
Describir os mecanismos lexislativos de incidencia no audiovisual ou na comunicación, así como o réxime xurídico da súa aplicación nas producións audiovisuais. Identificar os actores principais actores que participan nas políticas públicas do audiovisual nas diferentes instancias e eidos nos que se contrastan e se confrontan.		C10	
Desenvolver a capacidade de traballo en equipo. Comunicar as propias ideas na resolución de tarefas e exercicios propostos. Integrar nun proxecto común encamiñado á obtención de resultados as propias aportacións.			D2
Descubrir solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos.			D3
Crear solucións axeitadas en situacións de incerteza, asumindo responsabilidades.			D4
Descubrir e aplicar a autocorrección e axustar constantemente os erros cometidos nos procesos creativos ou organizativos			D5
Comprender e argumentar a necesidade de conservación do patrimonio cultural e audiovisual de Galicia e do mundo			D8
Analizar e describir as características que definen a nova paisaxe visual e auditiva que ofrece o universo comunicativo que nos rodea.	A3		
Interpretar as mensaxes icónicas como froito dunha sociedade determinada, produto das condicións sociopolíticas e culturais dunha época histórica determinada	A3		

Contidos	
Tema	
I. Bloque: -As políticas públicas: as definicións, o proceso e as suas fases. -Conceptos teóricos relativos aos mecanismos institucionais e lexislativos de incidencia nó sector audiovisual e na comunicación. -Análise das políticas, os programas e as institucións con competencias no campo audiovisual, con especial énfase nas políticas europeas, españolas e galegas. -Aprendizaxe para o coñecemento dos elementos básicos de formulación de solicitudes de axuda ao financiamiento para a producción e distribución dun proxecto de carácter audiovisual a nivel europeo, estatal ou autonómico.	1.1 Definición de políticas públicas 1.2 Marco institucional e redes de actores 1.3 Fases dunha política pública: - Definición do problema: A axenda pública - Deseño e elaboración: toma de decisión e establecemento dos obxectivos - Implementación: As perspectivas Top-down e Bottom-up - Avaliación da política - Remate da política: re-implementación
II. Bloque: -As políticas públicas audiovisuais: evolución e alcance.	2.1. POLÍTICAS PÚBLICAS DO AUDIOVISUAL 2.1.1 Peculiaridades do sector 2.1.2 Ámbitos de actuación das políticas públicas 2.1.3 Políticas de audiovisual e as súas función 2.2-CONTEXTO DAS POLÍTICAS DE COMUNICACIÓN DO AUDIOVISUAL 2.2.1 Sistemas e estructuras de comunicación 2.2.2 Sociedade da Información e Políticas de Comunicación. O modelo europeo 2.2.3 Novo marco nas políticas de comunicación: actores e estratexias

III. Bloque: -As políticas audiovisuais da Unión Europea.	3.1.-A UNIÓN EUROPEA 3.1.1 Definición da Unión Europea: O Sistema político da UE 3.1.2 Evolución do proceso de integración europea dende o Tratado de Roma ata o proxecto de Constitución da UE 3.1.3 Principais institucións da UE: Comisión, Consello de Ministros, Parlamento Europeo. Outros actores participantes 3.1.4 Proceso de toma de decisión na UE. 3.2.- A POLÍTICA EUROPEA DO AUDIOVISUAL 3.2.1 Transcendencia do sector audiovisual europeo 3.2.2 Cronoloxía da Política Europea do Audiovisual 3.2.3 Piares da Política Europea do Audiovisual - Marco normativo: a- Directiva Televisión Sen Fronteiras b- Libro Verde sobre a protección dos menores e da dignidade humana nos servizos audiovisuais e de información c- Libro Verde sobre a converxencia dos sectores de telecomunicacións, medios de comunicación e tecnoloxía da información - Mecanismos de apoio: Os Programas Media - Medidas externas: A UE e a OMC. A excepción cultural. 3.3.4 Principios e directrices da Política Europea do Audiovisual
IV. Bloque: -As políticas audiovisuais españolas.	4.POLÍTICA AUDIOVISUAL ESPAÑOLA 4.1 Transposición da normativa europea ó contexto audiovisual español 4.2 Institucións participantes na política audiovisual: Principais actores 4.3 A Lei da Televisión 4.4 A política de cine en España
V. Bloque: -As políticas audiovisuais galegas.	5 A Política Audiovisual da Xunta de Galicia

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	30	48	78
Traballos de aula	10	25	35
Estudo de casos/análises de situacións	5	10	15
Debates	7	7	14
Actividades introdutorias	4	4	8
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Sesión maxistral	Exposición do contido temático dos distintos epigrafes referenciados nos Contidos da materia. o profesor empregará como soporte os medios audiovisuais dispoñibles na aula.
Traballos de aula	Realización de traballos tutelados polo profesor encol dos temas da materia singularmente os referidos ao proceso de deseño, execución e avaliación das politicas publicas do audiovisual.
Estudo de casos/análises de situacións	Exposición e estudo de casos que ilustren a implementación das Politicas Públicas do audiovisual e discusión dos diferentes aspectos nos que se desenvolven os tópicos mais relevantes da materia.
Debates	Preparación e realización de debates na aula na que os alumnos amosen a sua capacidade analítica e criativa en relación con aquelas cuestións que son susceptibles de ser enfocadas dende diversas posicións e tratamentos en canto politicas publicas do audiovisual. Prestarase especial atención aos diversos plantexamentos que as politicas publicas do audiovisual poden adoptar en cuestións como a protección das linguas, a igualdade de xenero, a protección da infancia, a privatización dos servicios publicos de radiodifusión e outros semellantes.
Actividades introdutorias	Presentación da materia e dos seus diversos enfoques epistemolóxicos. Relevancia do coñecemento das politicas publicas para o profesional do audiovisual.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Traballos de aula	Na realización dos traballos de aula o profesor asistirá a cada alumno naquelas dúbidas e cuestións que se lle plantexen.

Estudo de casos/análises de situacións	Os estudos de casos que se plantexen poderán requerir a axuda personalizada do profesor que estará ao dispor do alumnado no horario de titorías.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Sesión maxistral	Proba combinada na que o alumno deberá amosar o seu coñecemento da materia mediante a realización de probas de resposta curta, test e probas de resposta longa. Sera realizada ao final do cuatrimestre.	70	A3	B2 B3	C10	
Traballos de aula	Proporase a realización de traballos de aula que poderan ser resoltos individualmente ou en grupo según o caso.	30	A3 A4	B2 B3	C10	D2 D3 D4 D5 D8

Outros comentarios sobre a Avaliación

Bibliografía. Fontes de información

ABAD, L, **El servicio de televisión ante el siglo XXI,**, Dykinson,

GOMA, Richard; SUBIRATS, Joan, **Políticas públicas en España. Contenidos, redes de actores y niveles de gobierno**, Ariel,

COMISIÓN EUROPEA, **Libro Verde sobre la convergencia de los sectores de telecomunicaciones, medios de comunicación y tecnologías de la información y sobre sus consecuencias para la reglamentación**, Comisión Europea,

CONSELL DE L□AUDIOVISUAL DE CATALUNYA,, **La definició del model de servei públic al sector de l□audiovisual**, CAC,

COMISIÓN EUROPEA,, **La era digital y la política audiovisual europea. Informe del grupo de alto nivel de política audiovisual**,

VENTURA FERNÁNDEZ, R, **La televisión por cable en España**, UAB,

TORNOS MAS, Joaquín, **Las autoridades de regulación de los audiovisual,**, Marcial Pons,

COMISION EUROPEA, **Informe del Grupo de alto nivel de política audiovisual**, AAVV,

GARCIA CASTILLEJO, Ángel, **El Consejo Audiovisual de España.**, Fundación Alternativas,

CRUSAFONT, Carmina, **El nuevo enfoque de la política audiovisual de**, Revista Latina de Comunicación Social,

BUSTAMANTE, Enrique, **Impacto social del nuevo escenario audiovisual: retos y riesgos en la era digital**, Area Abierta revista de Comunicacion social,

ABUÍN VENCES, Natalia, **Las □ciudades digitales□: un nuevo reto para las Administraciones Públicas españolas**, Area Abierta revista de Comunicacion social,

ALBORNOZ, Luis Alfonso, **Televisiones públicas autonómicas en españa y normalización lingüística. El caso de Telemadrid: una cadena autonómica singula**, Area Abierta revista de Comunicacion social,

ARRIAZA IBARRA, Karen, **: La transformación de los medios públicos europeos en la nueva era digital**, Area Abierta revista de Comunicacion social,

ARIÑO, Monica, **La regulación audiovisual en la era digital**, IDP,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Estrutura do sistema audiovisual/P04G070V01601

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dereito: Dereito da comunicación/P04G070V01301

Empresa: Dirección e xestión de empresas audiovisuais/P04G070V01302

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Ciencia política: Política, cidadanía e democracia/P04G070V01201

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Técnicas de edición dixital				
Materia	Técnicas de edición dixital			
Código	P04G070V01304			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	García Crespo, Oswaldo			
Profesorado	García Crespo, Oswaldo			
Correo-e	oswaldogarcia@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Fundamentos técnicos da edición lineal e estudo práctico da montaxe como proceso narrativo.			

Competencias	
Código	
